

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**Tipo Convocatoria:** Extraordinaria**Data:** 30 de xaneiro de 2025**Duración:** Dende as 20:00 até as 20:30 horas.**Lugar:** SALÓN DE PLENOS**Presidida por:** MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ**Secretario:** ANDRES BUSTO ALLO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
8451*	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
7924*	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
7970*	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
9610*	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
8438*	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
3272*	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
8177*	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
7871*	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
2650*	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
3278*	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
7931*	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
2600*	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
2777*	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ



Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Expediente 1108/2024. Aprobación da participación do Concello de Outes no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" da Deputación Provincial da Coruña.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Dada a necesidade de aprobar a participación deste Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" da Deputación Provincial da Coruña.

Vistas as bases reguladoras publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 233 de data 3 de decembro do 2024, que esixen que a solicitude se formalice mediante acordo Plenario, o Pleno da Corporación adopta o seguinte

Vista a proposta de resolución PR/2025/6 de 20 de xaneiro de 2025.

ACORDO:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"** da Deputación Provincial da Coruña**, ** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2025" e con cargo á "achega provincial 2024":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	357.429,76 €
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	346.917,12 €
Subtotal gasto corrente	704.346,88 €



B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
					0
					0
					0
Subtotal investimentos achega provincial 2025					0

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostíbeis)		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
					0
					0
Subtotal investimentos achega provincial 2024					0

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	357.429,76				357.429,76
	Achega 2024	346.917,12				346.917,12
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025					0
	Achega 2024					0
C- TOTAL	Achega 2025					357.429,76
	Achega 2024					346.917,12
	TOTAL					704.346,88

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostíbeis que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:



Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
ZONA ADESTRAMENTO CAMPO DE FUTBOL DE OUTES	31.110,16 €	0	31.110,16 €
MELLORA DA VARIANTE DE VIRO E OUTRO	50.981,23 €	0	50.981,23 €
SENDA DA PISCINA MUNICIPAL AO PASEO FLUVIAL DO ENTINS	71.583,59 €	0	71.583,59 €
PAVIMENTACIÓN VIAIS NÚCLEO DE CANDO (CANDO) E OUTROS	74.033,58 €	0	74.033,58 €
TOTAIS	227.708,56 €	0	227.708,56 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Inicia o debate o Sr. alcalde para sinalar que nesta proposta do POS_2025 adícase a totalidade dos fondos a sufragar gasto corrente xa que é a primeira vez que a Deputación permite adicar a totalidade dos fondos a dito fin. A motivación disto e que todos sabemos que os custos dos servizos aumentaron nos últimos anos, especialmente o tratamento do lixo e outros. Sinala tamén que se disporá de mais fondos propios para adicar a investimentos. Remata a exposición indicando que se



adican mais de 200.000 euros a investimentos no POS Complementario, o que hai que sumar os 73.000 euros do POS social e os 126.000 euros da redución de débeda.

Concédesse o uso da palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Francisco Calo Abelleira, quen manifesta o apoio favorable do seu grupo á proposta, aínda que lamenta que co aumento de fondos non se adique nada a obras. Sinala tamén que parece que non hai necesidade de facer obras e tamén se pregunta si un dos motivos de non incluír investimentos se debe a que para iso hai que adicarlle tempo ao estudo e elaboración dos proxectos. Continúa a súa intervención preguntándolle ao Sr. alcalde que significa o que dixo na comisión informativa sobre que se tería as mans libres para adicar fondos propios para investimento. Remata a súa exposición indicando que o seu grupo alégrase de que se inclúan investimentos no POS complementario e pide que coas mans libres que indicou o Sr. alcalde se atendan as necesidades dos veciños.

De seguido, concédese o uso da palabra ao Voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Anxo Núñez Fernández, o cal sinala que lle sorprende que o grupo do Partido Popular poña en dúbida a dedicación do grupo de goberno á realización de proxectos de obras e a súa planificación, manifestando que si lle adican tempo a ditas tarefas e non como facía o Partido Popular cando gobernaba que a maioría das veces as obras facíanse só para a foto, o cal deixou moitos problemas aos seguintes gobernos.

Remata o debate coa intervención do Sr. alcalde para aclararlle ao voceiro do Partido Popular que cando dixo na comisión informativa que o goberno tiña as mans libres para usar fondos propios para facer obras significaba que isto traducirase en maior axilidade na contratación e execución das mesmas, xa que pola propia dinámica do POS, as obras do mesmo tardan mais dun ano en licitarse, dende que se aproba o Plan. Remata a intervención indicando que se a oposición vota a favor e porque se entende que se fan ben as cousas.

VOTACIÓN: Rematado o debate sométese a votación o acordo exposto, resultando aprobado por unanimidade, cos votos a favor de CxO (4), BNG (2), PSOE (1) e P.P (6).

Expediente 940/2024. Adhesión da Casa da Cultura de Outes á Rede Galega de Teatros e Auditorios.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

A Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), promovida pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), ten como obxectivo fomentar e coordinar a programación



escénica e musical en Galicia, promovendo a utilización óptima dos recursos públicos existentes e garantindo unha oferta cultural de calidade para a cidadanía.

Co fin de incorporar o espazo da Casa da Cultura de Outes á RGTA, resulta necesario acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa aplicable e adoptar os compromisos esixidos pola mesma, garantindo que o espazo cumpre as condicións técnicas, legais e administrativas para o desenvolvemento de espectáculos e actividades culturais.

Vista a proposta de resolución PR/2025/3 de 15 de xaneiro de 2025.

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a solicitude de adhesión da Casa da Cultura de Outes á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

SEGUNDO. Comprometerse a respectar e asumir as condicións reguladoras da Rede Galega de Teatros e Auditorios, de acordo co estipulado na súa normativa de aplicación e na Resolución do 21 de novembro do 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

TERCEIRO. Autorizar ao Alcalde-Presidente do Concello de Outes para asinar e remitir toda a documentación necesaria para formalizar a solicitude.

DEBATE:

De seguido, concédese o uso da palabra ao Voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Anxo Núñez Fernández, o cal fai unha breve explicación da proposta sinalando que a inclusión na citada Rede permitirá ofertar unha programación cultural mais ampla e tamén que cando no seu día se trouxo ao Pleno a ordenanza para cobrar pola entrada as actuacións era, entre outros motivos, porque esa era unha das esixencias da Consellería de Cultura para a integración na xa citada Rede.

VOTACIÓN: Rematado o debate sométese a votación o acordo exposto, resultando aprobado por unanimidade, cos votos a favor de CxO (4), BNG (2), PSOE (1) e P.P (6).

Expediente 442/2023. Concesión de bonificación no ICIO ás obras de “Instalación dun ascensor no CEIP Plurilingüe de Outes”	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Con data 5 de xuño do 2023 (Núm. de Rexistro de Entrada , a Consellería de Educación,



Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia presenta solicitude de Licenza de Obra para a instalación dun ascensor no CEIP Plurilingüe de Outes, solicitando, igualmente, *“que se bonifique o imposto de construción, instalacións e obras e a taxa por licenza urbanística de acordo coa normativa do Concello”*.

A Xunta de Goberno Local, previos os trámites oportunos, concedeu Licenza de Obra á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en sesión celebrada o día 21/11/2023.

D^a. Ibaña Conte García, actuando en representación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en data 28 de outubro de 2024, rexistro de entrada nº 2024-E-RC-5529 solicita a declaración de especial interese ou utilidade municipal das obras de instalación dun ascensor no CEIP Plurilingüe de Outes, por concorreren circunstancias sociais, e a concesión dunha bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), presentando unha Memoria xustificativa que acredita ditas circunstancias sociais.

O proxecto ten como finalidade a eliminación de barreiras arquitectónicas mediante a instalación dun ascensor que mellorará a accesibilidade no CEIP Plurilingüe de Outes, garantindo o uso igualitario e non discriminatorio das instalacións do centro educativo por parte de usuarios con discapacidade.

En data 17 de decembro do 2024, e analizada a documentación presentada, polos Servizos Técnicos Municipais emítese informe favorable á concesión da antedita modificación, e, en data 18 de decembro do 2024, pola Secretaría emítese informe favorable.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. O artigo 103.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), establece a posibilidade de que as ordenanzas fiscais municipais contemplan unha bonificación de ata o 95 % a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego.

SEGUNDA. O artigo 7º da Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do ICIO do Concello de Outes recolle esta bonificación do 95 %, condicionada á declaración previa de especial interese ou utilidade municipal por parte do Pleno da Corporación, con maioría simple dos seus membros, tras a solicitude do suxeito pasivo e informe técnico do servizo de urbanismo.

Vista a proposta de resolución PR/2025/7 de 20 de xaneiro de 2025.



ACORDO:

PRIMEIRO. Declarar de especial interese ou utilidade municipal as obras de “Instalación dun ascensor no CEIP Plurilingüe de Outes”, realizadas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, por concorreren nelas circunstancias sociais que xustifican tal declaración.

SEGUNDO. Aprobar unha bonificación do 95% no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras correspondente ás devanditas obras, conforme ao disposto no artigo 7º da Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do ICIO e no artigo 103.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa indicación dos recursos que procedan.

CUARTO. Dar traslado do presente acordo aos Servizos de Tesouraría e Urbanismo para os efectos oportunos.

DEBATE: Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar a proposta de acordo, sinalando que as obras previstas teñen un evidente interese social, polo que procede aplicar a bonificación do impostos do ICIO.

Concédeselle a palabra a Sra. Molinos Vidal, do grupo municipal do Partido Popular para anunciar o voto favorable do seu grupo ao acordo proposto.

VOTACIÓN: Rematado o debate sométese a votación o acordo exposto, resultando aprobado por unanimidade, cos votos a favor de CxO (4), BNG (2), PSOE (1) e P.P (6).

Expediente 52/2025. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe total de 249.984,68€, que se corresponden coas facturas incluídas nas seguintes relacións contables:

- Relación **OPA X/2024/3**, (facturas rexistradas na conta 413 a 31/12/2024), por importe de 168.918,33€
- Relación contable **F/2025/1**, (facturas ano 2024 presentadas no ano 2025) por importe de 77.946,35€
- **Liquidacións asistencia a órganos colexiados 4ºTRIMESTRE 2024** (exp.



823/2023), por importe total de 3.120,00€, imputables á aplicación orzamentaria 912 23300

Visto o informe de reparo número 2025-0001, formulado pola Intervención municipal, de data 20.01.2025, no que se manifesta a falta de autorización de gasto nas relacións das facturas indicadas.

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal de 2024, prorrogadas para o ano 2025, PROPOÑO
AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE

Vista a proposta de resolución PR/2025/8 de 20 de xaneiro de 2025.

ACORDO:

PRIMEIRO. Solventar o reparo manifestado pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas en beneficio desta entidade e continuar coa tramitación do procedemento.

SEGUNDO. En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas afectadas.

TERCEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2025, por importe total de 249.984,68€, que se corresponde coas facturas incluídas nas relacións contables referidas, que se xuntan como anexo á presente resolución.

CUARTO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións contables sinaladas no punto anterior.

DEBATE: Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar a proposta de acordo, sinalando que se trata de facturas por prestacións efectivamente realizadas e que, na maioría dos casos, presentáronse a finais do exercicio anterior polo que é necesario contabilizalas con cargo ao exercicio actual.

Concédeselle a palabra a portavoz do Partido Popular, Sra. Molinos Vidal, para sinalar que, unha vez máis, preséntase facturas que si se teñen que pagar, xa que os provedores realizaron os servizos e subministros encargados, pero resulta que, tal como sinala o informe da interventora municipal, facturas por 68.000 euros están afectadas pola omisión interventora no procedemento e outros 181.000 euros son gastos realizados con reparos, en resumo, que na maioría dos casos non hai proposta previa de gastos e só aparece a factura. Continúa a exposición indicando que no expediente recóllese a relación OPA X/2024/3, polo que entende que existen, alomenos, dúas relacións anteriores que tamén están pendentes de pago. Remata a súa exposición manifestando que a consecuencia final deste retraso nos pagos e que os provedores



adiantan os seus recursos e traballo para o Concello.

Toma a palabra o Sr. alcalde para contestarlle á Sra. Molinos Vidal indicando que o procedemento dos recoñecementos extraxudiciais de créditos (REC) é coñecido, que tamén se tramitaban nos gobernos anteriores. No tocante ao informe de Intervención, entende que ten que sinalar os aspectos legais que procedan, pero en todo caso, solvéntase o reparo coa base de que as prestacións fosen efectivamente realizadas, tratándose en moitos casos de pequenas obras e subministros encargados ás empresas locais e que non hai outra forma de darlle cobertura se non é por este procedemento. Remata a súa intervención manifestando que as facturas anteriores pendentes de pago corresponden aos subministros de electricidade coas cales existen discrepancias nos prezos, tal e como xa se informou en varias comisións informativas.

VOTACIÓN: Rematado o debate sométese a votación o acordo exposto, resultando aprobado con 7 votos a favor (CxO (4), BNG (2), PSOE (1)), e 6 abstencións do Partido Popular.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 20:30 horas, de todo o cal, como Secretario, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

